

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.^a, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 21.12.2017 Hora: 16:00

13 DEC. 2017

Núm. 6292

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 21 de decembro de 2017, ás 16.00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 3073 (10/PNC-000302)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de saturación que padecen os servizos de urxencias dos centros hospitalarios, así como de atención primaria, do Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 48, do 19.01.2017
- 1.2 10787 (10/PNC-001128)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa falta de prazas públicas en escolas infantís na provincia de Lugo, a garantía da gratuidade total do ensino de 0 a 3 anos antes do remate de 2020, así como de todos os servizos socioeducativos e sociosanitarios de atención á infancia na montaña lucense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017
- 1.3 14383 (10/PNC-001300)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre o Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017
- 1.4 18964 (10/PNC-001527)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a realización polo Goberno galego dun plan de contratación de profesionais de atención primaria, así como o establecemento dun programa de reforma de centros de saúde e de construción de novos

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 199, do 24.10.2017

- 1.5 20035 (10/PNC-001630)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre o mantemento de conversas polo Goberno galego co Concello de Cedeira en relación coa posibilidade de chegar a acordos para mellorar e ampliar o centro de saúde
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017

- 1.6 20323 (10/PNC-001652)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego presentado polo Grupo Popular-Pastor e Banco de Santander en Galicia, coa postura do cadro de persoal ao respecto, así como oc mantemento da marca Banco Pastor como marca diferenciada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 215, do 22.11.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez, na data 05/12/2017 14:25:52

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.^a, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 21.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 21.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 3073(10/PNC-000302)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de saturación que padecen os servizos de urxencias dos centros hospitalarios, así como de atención primaria, do Sergas

Publicación da iniciativa, 48, 19.01.2017



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 13:35
Nº Rexistro: 3073
Data envío: 09/01/2017 13:35:47.955

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en comisión**, relativa ás situacións de colapsos nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios públicos de Galiza.

O Partido Popular ten á sanidade pública galega afogada polos recortes, tena sometida a unha política de acoso e derribo, de desmantelamento. Menos persoal, orzamento insuficiente, peche de camas, menos medios, listas de espera disparadas.

Neste contexto xeral, a situación dos servizos de urxencias convértese en noticia de xeito recorrente polos colapsos que neles se producen. O último episodio leva producíndose desde finais de decembro. Na práctica totalidade dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios de Galiza producíronse colapsos. Os centros hospitalarios viviron auténticas situacións de caos: doentes sufrindo esperas de horas inaceptábeis para ser atendid@s, habitáculos, boxes, padiolas, cadeiras totalmente insuficientes, salas de espera con persoas literalmente amoreadas, corredores cheos de doentes en padiolas, en cadeiras ou de pé. Ducias de persoas tiveron que agardar moitas horas para dispoñer dunha cama, ou mesmo ser ingresadas nos boxes de urxencias, saturación das áreas clínicas e de observación. Ingresos en plantas inadecuadas, onde se mesturan patoloxías.

Profesionais desenvolvendo a súa actividade nunhas condicións de sobrecarga, de presión e de estrés inaceptábeis, que aumentan o risco de cometer erros e diminúe a calidade asistencial que se presta.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 13:35
Nº Rexistro: 3073
Data envío: 09/01/2017 13:35:47.955

Doentes que ven vulnerados os máis elementais dereitos á intimidade e confidencialidade. É indecente e mesmo inhumana a situación a que a Consellaría de Sanidade somete a profesionais e doentes.

Estes repuntes de actividade nos servizos de urxencias son perfectamente previsibles. Existen mecanismos para saber con moita certeza o cando, o como, o canto e a quen da incidencia dos brotes epidemiolóxico habituais por calendario. Os brotes de gripe e enfermidades respiratorias coincidindo coas épocas de frío son previsíbeis, pasan todos os anos e malia isto a Consellaría de Sanidade non fai nada por evitalo.

Diante da gravidade desta situación, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a:

Presentar no Parlamento de Galiza, á maior brevidade un informe coas medidas de planificación e reforzos postos en marcha polo Sergas para atender o aumento d@s doentes aos servizos de urxencias.

Elaboración dun protocolo de actuación, para os brotes ou picos asistenciais como o da gripe, en interlocución c@s profesionais, tanto dos servizos de urxencias como do resto dos servizos dos hospitais directamente implicados como de Atención Primaria, e representantes sindicais, onde se contemple como mínimo a previsión de reforzos, recursos, priorización na atención, na hospitalización etc.

Que se tomen todas as medidas precisas para que as unidades de hospitalización estean abertas e funcionando coa totalidade dos recursos de que dispoñen.

Que de xeito inmediato se abran as plantas e as camas pechadas, e as bloqueadas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 13:35
Nº Rexistro: 3073
Data envío: 09/01/2017 13:35:47.955

Dimensionar as plantillas co número de profesionais precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.

Eliminar a taxa de reposición e repoñer o persoal eliminado, máis de 2000 profesionais, desde a aplicación no ano 2010 da taxa de reposición do 10%.

Posta en marcha dun Plan de Mellora da Atención Primaria cos recursos precisos, tanto humanos como materiais.”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2017 13:33:44

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2017 13:33:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 13:35
Nº Rexistro: 3073
Data envío: 09/01/2017 13:35:47.955

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2017 13:33:55

Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2017 13:33:59

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2017 13:34:03

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2017 13:34:07

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 21.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.2 10787(10/PNC-001128)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa falta de prazas públicas en escolas infantís na provincia de Lugo, a garantía da gratuidade total do ensino de 0 a 3 anos antes do remate de 2020, así como de todos os servizos socioeducativos e sociosanitarios de atención á infancia na montaña lucense

Publicación da iniciativa, 136, 28.06.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Vero** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no **artigo 160** do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a, sobre a falta de prazas públicas en escolas infantís na provincia de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A provincia de Lugo ten a taxa máis baixa de cobertura de escolas infantís, tanto considerando en conxunto as prazas en escolas infantís (rateo de 28 prazas por cada 100 crianzas de 0 a 3 anos) como tendo en consideración só a rede pública autonómica (só o 9,42% das prazas en escolas infantís do Consorcio Galego de Servizos Sociais).

A lista de agarda para escolas infantís dependentes da Consellería de Política Social no curso 2017-2018 sitúase na provincia de Lugo en 678.

Segundo datos da Consellería de Política Social, en 2016 a Xunta concedeu 222 bonos concilia na provincia de Lugo.

A provincia de Lugo ten en 2017, segundo o IGE, 10.781 nenos e nenas no grupo de 0 a 4 anos de idade.

A rede autonómica de escolas infantís de 0 a 3 anos conta na provincia de Lugo cos seguintes centros dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais:

		LISTA DE AGARDA
--	--	-----------------



		DEFINITIVA 2017/2018
Nª SEÑORA DA PURIFICACIÓN	FOZ	18
Nª SEÑORA DO CAMPO	RIBADEO	0
Nª SRA. DO SAGRADO CORAZÓN	LUGO	292
ESCOLA 0-3 PARADAI	LUGO	258
CASA DO MAR DE CELEIRO	VIVEIRO	31

A rede de escolas infantís do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar na provincia de Lugo componse das seguintes:

	LISTA DE AGARDA DEFINITIVA 2017/2018
A FONSAGRADA	0
ALFOZ	0
ANTAS DE ULLA	0
BURELA (OS CASTROS)	10
BURELA	11
CHANTADA	5
FOZ	19



MEIRA	0
MONDOÑEDO	0
O VALADOURO	0
PANTÓN	0
QUIROGA	2
VILALBA	32

Existen P.A.I. e escolas infantís de titularidade municipal nos seguintes concellos da provincia de Lugo: Abadín, Barreiros, Becerreá, Bóveda, Castro de Rei, Cospeito, Friol, Guitiriz, O Incio, Lourenzá, Lugo, Monforte de Lemos, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Saviñao, Sober, O Valadouro, O Vicedo.

Lugo, a capital provincial, con 98.268 habitantes, e 4.918 menores de 4 anos, ten unha lista de 550 nenos e nenas en agarda nas escolas da Axencia para o curso 2017/2018.

Monforte de Lemos, a segunda cidade da provincia en número de habitantes, pese a ser capital comarcal, non conta cunha escola pública de ensino infantil da rede de escolas da Xunta de Galicia. Ademais, para o curso 2017-2018, a escola infantil municipal do Concello de Monforte ten 40 prazas en lista de agarda, familias que só poden optar a centros privados ou a escolas infantís doutros municipios, se conseguen praza.

A área da Mariña ten unha densidade de poboación superior media á do resto das comarcas lucenses, tendo Burela a densidade de poboación máis alta de toda a provincia. Nesta área, as listas de agarda en escolas infantís dependentes da Xunta sitúase en 60 nenos e nenas.



Vilalba, capital da Terra Cha, ten unha lista de agarda de 32 nenos e nenas na escola do Consorcio para o curso 2017/2018.

Na provincia de Lugo sitúanse áreas das máis avellentadas de Galicia, na Montaña. Ademais, no seu conxunto, a provincia de Lugo acentuou coa crise o seu decrecemento demográfico, caendo a poboación total un 0,8% en 2015 (IGE), reducíndose o peso da poboación lucense no conxunto da galega (12,36% en 2016).

Para posibilitar a recuperación demográfica das comarcas lucenses, é preciso, ademais de políticas activas de emprego e de aposta polos sectores produtivos, unha rede pública de escolas infantís.

Polo exposto, o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Incluír nos orzamentos de 2018 partidas suficientes para a posta en marcha de 700 novas prazas públicas en escolas infantís na provincia de Lugo para o curso 2018-2019.
2. Presentar, antes de final do ano 2017, ante o Parlamento Galego un plan orzamentario e un plan que permita garantir a gratuidade total do ensino de 0 a 3 anos, de xeito progresivo, antes de rematar 2020.
3. Presentar, antes de final do ano 2017, ante o Parlamento Galego un plan específico para garantir todos os servizos de atención á infancia (socioeducativos, sociosanitarios) na Montaña lucense.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2017.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2017 18:22
Nº Rexistro: 10787
Data envío: 21/06/2017 18:22:45.089



Asdo.: Paula Vázquez Veroa,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 21/06/2017 18:18:49

Luis Villares Naveira na data 21/06/2017 18:18:57

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 21.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.3 14383(10/PNC-001300)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei
8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 5.ª, relativa ao Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia.**

Exposición de motivos

Non son poucas as protestas que suscitou a eliminación de Xerencias, no Servizo Galego de Saúde, nos últimos gobernos do PP. A eliminación das xerencias de atención primaria unida á absorción de varias xerencias de hospitais comarcais deviu nunha realidade na que os grandes hospitais iniciaron a concentración do investimento sanitario.

Esta situación ten causado dificultades enormes para a atención primaria, desprovista de capacidade decisoria en canto a xestión se refire e nos pequenos hospitais, nos que a burocracia se ten incrementado e a imposibilidade de ofrecer algúns servizos tamén.

A pesares da oposición que no seu momento tivo esta circunstancia, a Xunta de Galicia decide, en pleno verán, iniciar a modificación da lei de Saúde de Galicia para suprimir, de esta vez, catro áreas sanitarias. É dicir, pasamos de eliminar xerencias a eliminar tamén as áreas que dan sentido a unha planificación sanitaria descentralizada.

A presentación do anteproxecto que modifica a Lei 8/2008 de Saúde de Galicia realizouse sen negociación algunha de xeito previo, advertindo ás centrais sindicais de esta situación o mesmo día que se publicaba o texto.



Esta situación resulta unha mostra de elevada opacidade, incompatible ademais cos principios da Lei de Transparencia e Bo Goberno e coa mínima ética agardable por parte da administración.

Sobre todo, porque esta proposta de modificación abrangue aspectos moi relevantes para a sanidade pública e a cidadanía, como o é tamén os órganos de participación (Consello Galego de Saúde) que sofren un fondo recorte e mudanza.

Esta situación, na que un ataque tan relevante á sanidade se fai de xeito sibilino, tivo unha resposta pronta de sindicatos e plataformas, iniciándose unha ampla proposta de alegacións vía web. Sen embargo, unha vez máis, sobra dicir que a publicidade para realizar estas alegacións foi case nula por parte da Xunta, incrementándose así o escurantismo, nunha sorte de proceder antidemocrático.

Ante estes feitos, **En Marea** presenta a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Retirar o Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia.
- 2.- Negociar na Mesa Sectorial as retribucións e dereitos conxelados para os e as profesionais do Servizo Galego de Saúde.
- 3.- Reverter a supresión das xerencias de atención primaria, así coma as xerencias comarcais, organizándoas de xeito eficiente e permitindo a descentralización da xestión.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Asdo.: Luís Villares Naveira



Deputada do GP. de En Marea



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 13:54
Nº Registro: 14383
Data envío: 21/08/2017 13:54:34.078

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 21/08/2017 13:50:24

Luis Villares Naveira na data 21/08/2017 13:50:31

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 21.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.4 18964(10/PNC-001527)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a realización polo Goberno galego dun plan de contratación de profesionais de atención primaria, así como o establecemento dun programa de reforma de centros de saúde e de construción de novos

Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:37
Nº Rexistro: 18964
Data envío: 18/10/2017 13:37:17.102



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que vén menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijoo en 2009 o sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a 165



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

facultativos de Atención Primaria, segundo os datos do propio Goberno. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención dos e das cidadáns.

A construción de novos centros de saúde, ou a reforma dalgúns xa existentes, supón outro dos grandes déficits da atención primaria na sanidade pública galega. Os orzamentos de 2016 e 2017, por coller os exemplos máis recentes, coinciden nos compromisos de varios centros de saúde apuntados nun e outro, os mesmos sucesivamente, ignorando ningunha responsabilidade polo anuncio e compromiso de infraestruturas que logo nunca se inician. O Plan de mellora da Atención Primaria, iniciado na lexislatura 2005-2009, supuxo unha base estratéxica que non foi continuada polos gobernos de Núñez Feijóo, que non amosaron un proxecto real para o fortalecemento da atención primaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un plan de contratación de profesionais de atención primaria que permita ampliar o volume de persoal e así evitar o peche de centros e a concentración de servizos, así como cubrir con garantías as baixas e vacacións sen que iso supoña unha saturación do sistema e unha perda de calidade asistencial.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:37
Nº Rexistro: 18964
Data envío: 18/10/2017 13:37:17.102



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Establecer un programa de reforma de centros de saúde e construción de novos, que permita ampliar e mellorar a rede de centros, en base a un informe de necesidades tendo en conta tanto o tamaño e tipo da poboación a atender como criterios estratéxicos de afixación demográfica.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 13:30:07

Noela Blanco Rodríguez na data 18/10/2017 13:30:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2017 13:30:18

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 21.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.5 20035(10/PNC-001630)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o mantemento de conversas polo Goberno galego co
Concello de Cedeira en relación coa posibilidade de chegar a
acordos para mellorar e ampliar o centro de saúde

Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 20035
Data envío: 09/11/2017 16:44:04.456



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, José Manuel Pérez Seco e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A asistencia sanitaria no concello de Cedeira ten o seu eixo no centro de saúde existente na localidade. Esta infraestrutura merece certa intervención que contribuiría a mellorar as condicións para as persoas usuarias, no caso de poder ampliar certos espazos e facilitar melloras na accesibilidade. Esta localidade, ademais, sitúase xeograficamente con problemas de comunicación xa tradicionais e recoñecidos respecto da referencia hospitalaria de Ferrol, con viais e tempos que aínda precisan melloras posibles.

A contorna completa do edificio do centro de saúde inclúe, ademais de algunha outra, unha edificación propiedade da Xunta de Galicia con usos trasladables que ocupan pouco espazo. O Concello de Cedeira ten manifestado por diversas vías a súa disposición a poder comprar ese edificio á Xunta de Galicia, e poñer a disposición o terreo nas condicións que a Consellería de Sanidade solicita para facer investimentos (sen edificacións, libre de cargas e coas condicións necesarias para iniciar obras). Isto implicaría o gasto en compra, derrubo, adecuación e tramitación administrativa.

Un acordo nesta liña permitiría ao Concello de Cedeira e á Consellería de Sanidade afrontar as necesidades de ampliar o centro de saúde, e así ampliar os servizos do municipio que, ademais, podería servir para ampliar tamén servizos ao conxunto da comarca.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 20035
Data envío: 09/11/2017 16:44:04.456



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dialogar co Concello de Cedeira sobre os servizos de asistencia sanitaria dispoñibles no municipio, e a posibilidade de chegar a acordos para a mellora do centro de saúde e a súa ampliación.

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
José Manuel Pérez Seco
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/11/2017 16:39:19

Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/11/2017 16:39:25

Noela Blanco Rodríguez na data 09/11/2017 16:39:31

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/11/2017 16:39:35

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 21.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.6 20323(10/PNC-001652)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego presentado polo Grupo Popular-Pastor e Banco de Santander en Galicia, coa postura do cadro de persoal ao respecto, así como oc mantemento da marca Banco Pastor como marca diferenciada

Publicación da iniciativa, 215, 22.11.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 20323
Data envío: 16/11/2017 17:32:26.982

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa as medidas a adoptar diante do expediente de regulación de emprego no Grupo Banco Popular-Pastor e Santander.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Popular- Pastor e Banco Santander veñen de presentar un expediente de regulación de emprego que afectará a máis de 2.000 persoas no conxunto do Estado, a pretensión e desfacerse de 1.585 traballadores e traballadoras, e pasar a 575 persoas do Popular a subcontratas do Santander.. En Galiza as persoas afectadas poden ser arredor de 200 entre as dúas entidades e outras 200 de empresas auxiliares do grupo.

Este ERE ven a sumarse ao levado a cabo polo Banco Popular-Pastor no 2016. Cando o Banco Pastor foi adquirido en 2011 polo Bando Popular, tiña en Galiza 4.100 traballadores/as e 588 oficinas, e representaba arredor do 18% do mercado financeiro galego. A absorción supuxo xa naquel entón, como ten de denunciado o cadro de persoal do banco a través dun intenso calendario de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 20323

Data envío: 16/11/2017 17:32:26.982

mobilizacións, unha verdadeira operación de liquidación dunha entidade financeira galega, das máis importantes en termos de volume de negocio, número de traballadoras e traballadores e rede de oficinas. Con todo a operación recibiu todo apoio do Goberno galego en mans do Partido Popular, acorde coa súa actuación continúa de exercer de delegados do poder.

Tras a compra hai uns meses do Banco Popular por parte do Santander, polo prezo simbólico dun euro, pretenden dar outro golpe de graza. O sistema financeiro, máis unha vez, pretende buscar maiores beneficios a conta de deixar tirad@s a traballadores e traballadoras.

Este novo ERE significa continuar co proceso de “reestruturación” do sector financeiro, co obxectivo de concentrar e centralizar a toma de decisións, un proceso ao que se destinaron máis de 60.000 millóns de euros de fondos públicos, dos que o Bando de España ven de recoñecer que só se van recuperar unha mínima parte. Para Galiza este proceso ten nefastas consecuencias, perda de capacidade e decisión financeira, exclusión dunha parte importante da poboación do mesmo e a perda de centos de postos de traballo.

Este ERE é cualificado de innecesario e inxustificado por parte d@s representantes d@s traballadores/as, toda vez que teñen que realizar sistematicamente prolongacións de xornada. Resulta indecente que o Grupo Santander veña de declarar millóns de euros de beneficios e ao tempo bote xente á rúa.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 20323

Data envío: 16/11/2017 17:32:26.982

Estamos de novo diante dun proceso de destrución de emprego, e de perda de capacidade financeira, de novo a expensas do que decidan en Madrid, en base aos seus intereses e nos aos de Galiza.

O BNG súmase á preocupación d@s traballadores e traballadoras por este ERE, mais tamén pola situación futura do persoal da rede do grupo bancario, porque todo evidencia que este é un banzo no proceso descrito, mais non o final.

Por todas as razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento galego amosa o seu apoio ao cadro de persoal do Grupo Banco Popular-Pastor/Santander na súa oposición ao ERE de extinción de postos de traballo en Galiza, e na súa defensa do mantemento dos postos de traballo e dos servizos que presta a entidade no noso país.

O Parlamento Galego, insta á Xunta de Galiza a:

- Manter unha posición activa de mediación entre a dirección do Grupo Banco Popular-Pastor/Santander e as traballadoras e os traballadores afectados para que o ERE en Galiza para que sexa retirado e se abra unha vía de negociación.

- Empregar todos os mecanismos que posúe para frear esta proxectada destrución de postos de traballo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 20323

Data envío: 16/11/2017 17:32:26.982

- Realizar todas as actuacións precisas para manter en Galiza a marca Banco Pastor como marca diferenciada, xustificado en base ao arraigo e recoñecemento da mesma, imprescindible para o mantemento do emprego.”

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/11/2017 17:25:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/11/2017 17:26:00



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 20323
Data envío: 16/11/2017 17:32:26.982

Olalla Rodil Fernández na data 16/11/2017 17:26:07

Noa Presas Bergantiños na data 16/11/2017 17:26:08

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2017 17:26:10

Ana Pontón Mondelo na data 16/11/2017 17:26:16